

A novela de Francisco Castro 'Spam' , editada por Galaxia, foi a gañadora da última edición do Premio Blanco Amor, convocado polo concello de Neda. Castro desentraña nesta obra unha historia totalmente orixinal no seo da narrativa galega contemporánea. A historia dun director de empresa incapaz de comunicarse cos demais fóra do chat e de observar o mundo sen unha cámara. Unha persoa obsesionada con espiar a vida dos demais a través da web-cam e das cámaras coas que controla ós seus traballadores. A acción desenvólvese en dous ambientes pechados, espazos nos que se moven moitas persoas na sociedade de hoxe: a empresa e internet. 'Spam' é unha obra moi actual, que mestura a crítica social cunha clara ruptura da ortodoxia narrativa. Unha novela transgresora, diferente, que racha coa linealidade do discurso, ó ser en realidade un hipertexto virtual, cuns personaxes que non teñen máis nome que o nickname e máis vida que a da atmosfera abafante na que respiran. Francisco Castro traballa na xestión cultural e na comunicación. É autor de libros como 'Amor de cinema', 'Play-Back', 'A canción do naufrago' ou 'Xeografías'. As súas últimas obras publicadas son 'Xeración perdida' e 'Un bosque cheo de faias'. Castro obtivo varios premios literarios polas súas creacións.

